

RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE MARZO DE 2007

Ás 12.30 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

Proposta de limitación de prazas para o curso académico 2007/2008

O Sr. Reitor comeza a súa intervención indicando que esta sesión do Consello de Goberno se convocou de forma extraordinaria coa finalidade de aprobar, se proceder, a proposta de limitación de prazas para o curso académico 2007/2008, que figura no **ANEXO II**.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica para que informe acerca dos pasos que se seguiron para a elaboración da proposta en cuestión que foi enviada en tempo e forma aos membros deste Consello de Goberno. A Sra. Vicerreitora intervén sinalando que este Consello de Goberno, tal e como afirmou o Sr. Reitor, ten como obxectivo aprobar o límite de prazas de cada titulación da Universidade da Coruña para o vindeiro curso académico 2007/2008, razón pola que explica con detalle o contido da documentación que foi enviada no seu día aos membros do Consello de Goberno.

Concretamente, o documento en cuestión consta de cinco columnas concretas, en que nas dúas primeiras se reflicten os datos do estudiantado matriculado en primeiro curso por vez primeira nos cursos académicos 2005/2006 e 2006/2007. Trátase de datos recompilados polo SEINFE a 31 de decembro, aínda que pode rexistrarse algunha variación en relación cos datos dos centros, dado que nestes poden estar contabilizados algúns estudantes máis debido a matrículas formalizadas fóra do prazo, entre outras razóns. Incide tamén a Sra. Vicerreitora nalgúns casos concretos de centros, como é o da Facultade de Dereito, onde se aprecia a diferenza máis significativa, que é consecuencia do feito de que existe un número importante de alumnos que veñen facer a esta universidade unha materia de primeiro curso. Inicialmente, son alumnos de primeiro curso por vez primeira e así os contabiliza a CIUG, aínda que, posteriormente, despois de solicitar as correspondentes validacións, pasan a ser alumnos doutros cursos.

Na terceira columna, segue a explicar a Sra. Vicerreitora, aparece o número de prazas aprobado para este curso. Na cuarta columna rexístrase o límite de prazas solicitado polos centros para cada titulación do curso académico 2007/2008. Finalmente, na quinta columna aparece a proposta que se lle fai a este Consello de Goberno. As dúas últimas columnas coinciden en todos os casos, agás en dous, que son o da titulación de Arquitecto e o de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. A razón desta situación está no feito de que nos criterios que envían do Consello de Coordinación Universitaria indícase que para que esta redución, que propoñen os centros, sexa posible ten que ocorrer que, nos dous cursos anteriores,

a matrícula de novo ingreso sexa claramente inferior á oferta de prazas deses cursos, mais sempre que a oferta de prazas proposta cubra a matrícula destes anos. Estes supostos non se cumpren nas titulacións de Arquitecto e Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, razón pola que a proposta que se somete á consideración deste Consello de Goberno sexa a de manter a oferta do curso pasado e, concretamente, 200 prazas para Arquitectura e 120 para a Escola de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

Finalizada a súa intervención e despois dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. González Veira, Valderruten Vidal, Graña López e González López, áprobase a proposta de limitación de prazas para o curso académico 2007/2008 nos termos indicados pola Sra. Vicerreitora de Organización Académica, coa abstención dos Sres. González Veira, Díaz Atanes e Rodríguez Ayuso, por entenderen que se lle debe dar cabida a todo o estudantado das titulacións máis demandadas e tomar medidas específicas que permitan acoller todo este estudantado, con inclusión daquelas específicas que permitan resolver as propias limitacións de espazo físico que existen nos centros.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 horas.